



*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se publica a adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o próximo curso académico 2020/21 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino ou substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

De acordo co establecido no artigo 37d) da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destinos provisionais (DOG núm.113, do 14 de xuño) e o punto oitavo da Resolución do 17 de xuño de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020/21 entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (DOG núm. 127, do 29 de xuño), a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar definitivamente os destinos provisionais obtidos polos/as mestres/as concursantes para o curso académico 2020/21.

Segundo. Publicar a resolución da adxudicación definitiva dos destinos provisionais obtidos polos/as mestres/as concursantes para o curso académico 2020/21 no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>.

A adxudicación definitiva terá efectividade do día seguinte ao da súa publicación no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal> sen prexuízo de que a toma de posesión se efectuará conforme ao disposto no artigo 41 da Orde do 7 de xuño de 2018.

Terceiro. As persoas adxudicatarias destes destinos provisionais tomarán posesión no centro educativo con efectos do día 1 de setembro de 2020.

Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Centros e Recursos Humanos  
Por suplencia (Resolución do 20.07.2020)  
Jesús Oitavén Barcala  
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

